

CONTRATOS POSDOUTORAIS

XUNTA DE GALICIA

MODALIDADE A

CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS
UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS
ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO.

ANO 2018

No Diario Oficial de Galicia do día 24 de maio de 2018 publicouse a orde do 30 de abril de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral **modalidade A**.

O contrato desta modalidade será dun **máximo de dous anos** de duración, para a realización de estadías no estranxeiro, e un **contrato de retorno dun ano de duración** nunha universidade do SUG.

NOVIDADES MAIS RELEVANTES DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria presenta como novidades mais relevantes as seguintes:

As estadías terán unha duración mínima de UN ANO.

Das axudas convocadas para as universidades do SUG proporanse ata un máximo de 10 axudas para as persoas candidatas de nacionalidade española que contemplan dous anos de estadía en EUA para obter a condición de bolseiros Fulbright, sempre e cando acaden a puntuación necesaria e cumpran as condicións que se indican no artigo 2 do anexo I da convocatoria.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN

Tratando de facilitar a presentación de solicitudes e para un mellor ordenamento do procedemento establécense os seguintes prazos de presentación de documentación

ANTES DAS 10 HORAS DO DÍA 04 DE XUÑO DE 2018

Achegar a recursoshumanos.programas@usc.es a seguinte documentación:

- **Declaración de intencións de participar na convocatoria.** O formulario que pode atopar en http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2260_gl.doc
- **Certificacións necesarias** para poder elaborar a declaración á que fai referencia o artigo 4 a) da convocatoria. En ditas certificacións debe facerse constar:

Universidade na que o candidato obtivo o grao de doutor.

A data na que a persoa candidata obtivo o grao de doutor.

Titulación que lle deu acceso ao dito grao e a data de finalización destes estudos.

- **Certificación de pertenza** a un Grupo/Equipo/Agrupación estratéxica/Unidade de excelencia María Maeztu dos indicados no artigo 10 da convocatoria. O **formulario** que deberá vir asinado polo investigador principal ou o director do centro, agrupación, etc., na que se faga constar esta circunstancia e a convocatoria na que obtivo o financiamento.

ANTES DAS 14 HORAS DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2018

Achegar á recursoshumanos.programas@usc.es; o código xenerado pola Sede da Xunta de Galicia.

Non obstante rogase a todos os interesados que para evitar problemas de última hora non esperen a entregar a documentación nas datas límites establecidas.


PROCEDEMENTO DE FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, pero terá que ser validada finalmente pola Universidade. Debido a isto establece o seguinte procedemento de presentación de solicitudes:

A).-Serán os CANDIDATOS os que deberán cumprimentar a solicitude e subir a documentación á sede electrónica da Xunta de Galicia para o que seguiran os seguintes pasos:

PASO 1: CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE (ANEXO I)

1. Debe acceder á [Sede electrónica da Xunta de Galicia](https://sede.xunta.gal) no buscador poñer o código do procedemento **ED481B** (Para acceder ao procedemento debe premer en dito código).



2. A continuación debe premer en: **Tramitar en liña**.

The screenshot shows the 'SEDE ELECTRÓNICA' interface. The 'PRESENTACIÓN' tab is active. A red arrow points to the 'Tramitar en liña' button. The page displays information about the submission deadline (25/05/2018 - 25/06/2018) and the documentation required for submission.

3. Debe identificarse coa chave 365 ou ben co Certificado Dixital
4. Cumprimentar os seguintes datos na pantalla de solicitude:

a. **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** (*cubrir tal e como está na seguinte imaxe*)

The screenshot shows the 'SEDE ELECTRÓNICA' interface with the 'DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE' form. The form is for the 'AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL (MODALIDADE A)' with the code 'ED481B'. The form fields are as follows:

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL (MODALIDADE A)	ED481B	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE					
RAZÓN SOCIAL UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA				NIF Q1518001A	
TIPO DE VÍA RÚA / CALLE	NOME DA VÍA CAMPUS VIDA		NÚMERO BLOQUE S/	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR SANTIAGO DE COMPOSTELA		
CP 15	PROVINCIA Coruña (A)	CONCELLO Santiago de Compostela		LOCALIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
TELÉFONO 881816201	FAX 881816203	CORREO ELECTRÓNICO recursoshumanos.programas@usc.es			

b. E NA SÚA REPRESENTACIÓN (*Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a candidato*)

The screenshot shows the 'SEDE ELECTRÓNICA' website interface. The main navigation bar includes 'Trámites', 'A sede', 'Para quen?', 'Axuda', and 'A sede de UNIVERSI...'. Below this, a breadcrumb trail shows 'Representado:UNIVER... (Q151800)' followed by steps: 'Cubrir datos', 'Anexar documentación', 'Asinar e presentar no Rexistro', and 'Obter recibo'. The main content area is titled 'E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)'. It contains several input fields: 'NOME/RAZÓN SOCIAL' (placeholder: nome candidato/a), 'PRIMEIRO APELIDO' (placeholder: apelido candidato/a), 'SEGUNDO APELIDO' (placeholder: apelido candidato/a), 'NIF' (placeholder: XXXXXXX), and 'CARGO' (placeholder: (neste recadro escribimos "Candidato")).

c. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (*Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a candidato*)

The screenshot shows the 'SEDE ELECTRÓNICA' website interface, specifically the 'DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN' section. The breadcrumb trail is the same as in the previous screenshot. The main content area is titled 'DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN'. It includes a section for 'Notifíquese a:' with two radio buttons: 'Entidade solicitante' (selected) and 'Persoa ou entidade representante'. Below this, there is a paragraph explaining the notification process: 'Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviarase avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:'. There are two input fields: 'TELÉFONO MÓBIL' (placeholder: 881816201) and 'CORREO ELECTRÓNICO' (placeholder: recursos humanos.programas@usc.es).

d. DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA

DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATA DE NACEMENTO SEXO ☐ Home ☐ Muller NACIONALIDADE

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMEROBLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

DOUTOR/A POLA UNIVERSIDADE DE DATA DE LECTURA DA TESE

DEPARTAMENTO, UNIDADE DE TRABALLO OU EQUIVALENTE EN QUE SE INTEGRARÁ GRUPO DE INVESTIGACIÓN

e. A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☒ Esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- ☐ Esta entidade solicitou e/ou se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, outras axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, a saber:

DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO (1)	IMPORTE (€)

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE. (*Débese marcar a documentación que se presenta.*)

ED481B x

Es seguro | <https://sede.xunta.gal/formularios/cumplimentacion/consultar/769529>

Aplicaciones OIT VIRTUAL PROBAS OIT VIRTUAL MINISTERIO ECONÓMICO MINISTERIO EDUCACIÓN MEU CONSELLERÍA EDUCACIÓN

SEDE ELECTRÓNICA XUNTA DE GALICIA

Trámites A sede Para quen? Axuda A sede de UNIVERSI...

Representado: UNIVER... (Q151800) Cubrir datos Anexar documentación Asinar e presentar no Rexistro Obter recibo

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso presumirase que a consulta é autorizada)

- ☐ Declaración responsable da persoa candidata para ser destinataria da axuda (anexo V)
- ☐ Aceptación no grupo de investigación ou equivalente (anexo VI)
- ☐ Aceptación do departamento, unidade de traballo ou equivalente (anexo VII)
- ☐ Declaración da entidade solicitante en que se faga constar en que universidade e con que data obtivo a persoa candidata o grao de doutor, así como a titulación que lle deu acceso ao devandito grao e a data de finalización destes estudos
- ☐ CV actualizado
- ☐ Documentos xustificativos dos méritos alegados
- ☐ Plan de traballo das actividades que se propoñen realizar
- ☐ Plan de estadias detallado
- ☐ Carta/s de aceptación do centro ou dos centros receptores
- ☐ No caso de que a persoa candidata pertenza ou se vaia integrar nalgún grupo, agrupación, equipo ou centro dos indicados no artigo 10 das bases da convocatoria, certificado da entidade solicitante, coa conformidade do investigador ou investigadora principal ou do director ou directora do centro ou agrupación, en que se faga constar esta circunstancia e a convocatoria en que obtivo o financiamento
- ☐ Declaración responsable para as persoas candidatas que vaian optar á condición de bolseiras Fulbright (anexo VIII)
- ☐ Certificado de coñecemento do idioma inglés de acordo co artigo 2.3 do anexo I da convocatoria (só para as persoas candidatas que vaian optar á condición de bolseiras Fulbright)
- ☐ Documentación que acredite os supostos de excepcionalidade previstos no artigo 2.c) do anexo I da convocatoria sobre a data de obtención do título de doutora ou doutor, no seu caso, incluído o certificado de discapacidade se non está expedido pola Xunta de Galicia

ÓRGANO Cód. PROC. AÑO

☐ Copia da homologación ou equivalencia do título de doutor ou doutora, no caso de que fose obtido no estranxeiro

g. A continuación debe PREMIER en **GARDAR (se nese momento non quere anexar a documentación) ou en **CONTINUAR** (se a continuación quere anexar a documentación). A continuación preme en **SAIR DA PRESENTACION** para acceder á páxina principal.**

ED481B - Axudas de apo... Sede electrónica - Xunta x

Es seguro | https://sede.xunta.gal/solicitudes/presentacion/anexarDocumentos.do?SESXGID=9miWfQm6_cwraT_cq6c...

Aplicaciones OIT VIRTUAL PROBAS OIT VIRTUAL MINISTERIO ECONÓMICO MINISTERIO EDUCACIÓN MEU CONSELLERÍA EDUCACIÓN

SEDE ELECTRÓNICA XUNTA DE GALICIA

Trámites A sede Para quen? Axuda A sede de UNIVERSI...

Representado: UNIVER... (Q151800) Cubrir datos Anexar documentación Asinar e presentar no Rexistro Obter recibo

← Sair da presentación ← Volver Gardar Continuar

Anexado de documentación

Lista de documentos a anexar co formulario de solicitude:

Declaración responsable da persoa candidata para ser destinataria da axuda (anexo V).

Seleccionar documento Anexar

Aceptación no grupo de investigación ou equivalente (anexo VI).

Seleccionar documento Anexar

BAIXO NINGÚN CONCEPTO DEBE PREMIER EN ASINAR E PRESENTAR

PASO 2: ANEXADO DE DOCUMENTACIÓN

Si xa realizou un primeiro borrador de solicitude, NON debe realizar unha nova, debe recuperar a realizada en **OS MEUS PROCEDEMENTOS E BORRADORES, OPCIÓN BORRADORES**.

Para iniciar o anexado de documentación debe premer no botón **CONTINUAR**, ata a páxina de “Anexado de documentación “onde aparecerá a lista de documentos a anexar, a partir de aí deberá proceder a subir os seus documentos.


MOI IMPORTANTE: Recoméndase que os documentos estean en formato pdf. Que o título sexa curto, sen acentos, sen barras e sen comillas e deben ser nomeados co seu primeiro apelido e nome + tipo de documento. **Exemplo: SuarezManuel_AnexoV.pdf.**

Unha vez anexados todos os documentos debe premer en **GARDAR** e despois en **SAIR DA PRESENTACIÓN**, para volver á páxina de borradores.

PASO 3: OBTENCIÓN DO CÓDIGO DE ACCESO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA USC

A continuación debe ir a “**OS MEUS PROCEDEMENTOS E BORRADORES**”, despois premer no botón **COMPARTIR** da súa solicitude, o que xenerará un código de acceso. Debe copiar o código indicado e envialo por mail a recursoshumanos.programas@usc.es

BAIXO NINGÚN CONCEPTO DEBE PREMER EN ASINAR E PRESENTAR



The screenshot shows the USC SEDE ELECTRÓNICA interface. The user is logged in as 'Representado: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Q1518001A)'. The 'Últimos borradores' section lists three drafts. A modal window titled 'Código de Acceso' displays the code: F3540F68-BFE0-4611-AB01-BF1B0886GACA. The modal also includes a 'Rexenerar' button.

Trámites	A sede	Para quen?	Axuda	Axuda	Estado	Acción
2018/257-0	C1302A	arqueolóxica.	19:51	19:51	Presentado	Acción
2018/1399919	PR004A	Presentación electrónica de solicitudes, es...	24/05/2018 14:11	24/05/2018 14:11	Presentado	Acción
2018/1384557	PR004A	Presentación electrónica de solicitudes, es...	23/05/2018 12:54	23/05/2018 12:54	Presentado	Acción

Últimos borradores

Código de Acceso
F3540F68-BFE0-4611-AB01-BF1B0886GACA
Rexenerar

TRÁMITES
Guía de procedimientos e servizos
Chave365
Verificación de documentos asinados
Presentación de suxestións e queixas
Descarga de certificados

A SEDE
Identificación e titularidade
Calendario e hora oficiais
Sistemas de identificación e sinatura
Que é a carpeta cidadá?

AXUDA
Necesita axuda?
Servizo do 012
Asistente técnico da administración dixital
Avisos

Accións
Diario Oficial de Galicia
Plataforma de contratación
Factura electrónica
eServizos

B). -A documentación que deben subir á SEDE os interesados polo procedemento arriba indicado é a seguinte:

- **Anexo V:**
 - Documento asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda, polo que acepta a súa candidatura indicando que a presenta por unha única entidade solicitante no ámbito desta convocatoria, no que faga constar a rama de coñecemento e a área temática ás que se adscribe así como a declaración opcional do compromiso de utilizar a lingua galega na memoria final da actividade.
- **Anexo VI**
 - Documento asinado polo responsable ou coordinador do grupo de investigación aceptando á persoa candidata a ser destinataria da axuda no seo do equipo de traballo.
- **Anexo VII**
 - Documento asinado polo Director do departamento, unidade de traballo ou equivalente, manifestando a súa conformidade para a integración no seu departamento, unidade de traballo ou equivalente da persoa candidata a ser destinataria da axuda.
- Declaración da entidade solicitante na que se faga constar en que Universidade é con que data obtivo a persoa candidata o grao de doutor, así como a titulación que lle deu acceso ao dito grao e á data de finalización destes estudos.

Esta declaración, para os titulados pola USC, será remitida aos interesados de oficio, para que a suban á sede electrónica da Xunta.

Para poder elaborar dita declaración os titulados doutras universidades deberán aportar ao enderezo electrónico a recursoshumanos.programas@usc.es, no prazo que mais arriba se indicou, as certificacións correspondentes, nas que consten os datos indicados. Á vista destes documentos elaborárase esta declaración que se enviará aos interesados para que a suban á sede da Xunta de Galicia.

- Currículo vitae do investigador candidato a ser destinatario da axuda nun modelo normalizado (formato pdf.) preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/> acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados xunto coas copias de publicacións ou documentos científico técnicos, contribucións a congresos, etc, que se citen no currículo vitae, que se presentarán nun único documento pdf precedido dun índice.
- Para os efectos do proceso de avaliación, so se terá en conta a información contida no CV na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

- Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras) e asinado polo interesado e o coordinador do grupo de investigación, das actividades que o solicitante propón realizar durante a vixencia do programa.
- Plan de estadía detallado, no modelo dispoñible no enderezo http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2271_gl.doc; no que se indiquen os períodos de estadía previstos (que deberán ser dun **MÍNIMO DUN ANO** en cada uno dos centros seleccionados), a súa duración e os centros de destino escollidos, así como unha xustificación da importancia e relevancia internacional dos centros e grupos de destino para o traballo que se vai desenvolver. Este plan terá que estar asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda e o coordinador do grupo que figura na solicitude.
- Carta de aceptación, segundo modelo que pode atopar **no seguinte enlace** http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2262_gl.doc, para cada uno dos centros de destino da estadía asinada polo Director/a do centro ou figura equivalente con atribucións na área directiva de recursos humanos.
- Declaración responsable (anexo V), na que se fagan constar os seguintes aspectos:
 - i.-Que a persoa candidata non foi seleccionada nos programas posdoutorais da Xunta de Galicia, nunha convocatoria estatal das actuacións Juan de la Cierva, Formación Posdoutoral, Juan de la Cierva Formación ou Juan de la Cierva Incorporación.
 - ii.-Que non gozou con anterioridade de ningunha axuda e/ou contrato posdoutoral que recolla estadías en centros de investigación no estranxeiro de dous ou mais anos de duración (anexo V).
 - iii.-Que o plan de estadías que se propón non se desenvolve no país de nacemento, no de nacionalidade, naquel no que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o de doutor/a que lle deu acceso ao programa, ou nun país en que desenvolvese actividade investigadora posdoutoral durante mais de tres (3) meses (anexo V).
- No caso de que a persoa candidata pertenza ou se vaia integrar nalgún grupo, agrupación, equipo ou centro dos indicados no artigo 10 das bases da convocatoria que di:
 - i.-Pertenza da persoa candidata a un grupo con potencial de crecemento que contase con financiamento nalgunha das convocatorias de 2015 a 2017.
 - ii.-Pertenza a un grupo de referencia competitiva que contase con financiamento nalgunha das convocatorias de 2014 a 2017 ou a unha agrupación estratéxica recoñecida no ano 2015.
 - iii.-Pertenza a un equipo de investigación dirixido por persoal investigador contratado ao abeiro do Decreto 64/2016 DOG 112 do 14 de xuño polo que se regula o réxime de contratación pola GAIN de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (programa oportuniis).
 - iv.-Pertenza a unha agrupación estratéxica consolidada recoñecida no ano 2016.
 - v.-Pertenza a unha unidade de excelencia María de Maeztu acreditada pola Axencia Estatal de Investigación.
 - vi.-Pertenza a un centro de investigación singular recoñecido no ano 2016.
- Certificado da USC, segundo modelo que pode atopar **no seguinte enlace** http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2261_gl.doc, coa conformidade do investigador ou

investigadora principal ou do director ou directora do centro ou agrupación no que se faga constar esta circunstancia e a convocatoria na que obtivo o financiamento.

Para obter este certificado, os interesados deberán cumprimentar o modelo indicado e remitilo, en formato pdf., coa conformidade correspondente, no prazo arriba establecido, ao enderezo a recursoshumanos.programas@usc.es Unha vez asinado pola USC, este certificado será devolto, para que poida ser subido á sede electrónica da Xunta, por parte do interesado.

- Fotocopia do NIF da persoa candidata a ser destinataria da axuda, só no caso de non autorizar a comprobación dos datos persoais (anexo V).

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Os candidatos deberán cumprir, na data limite de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Ter o título de licenciado, grao ou equivalente ou o título de doutoramento dunha universidade do SUG. Non obstante as persoas que non acadasen ningunha destas titulacións nunha universidade do SUG tamén poderán optar á axuda, aínda que o número máximo das que se poderán conceder neste suposto non poderá exceder o 10% do total das concedidas.
- Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior a 1 de xaneiro de 2007.
- Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2013. Entenderase como data de obtención do título de doutor a data de lectura e aprobación da tese de doutoramento.

A data de obtención do título de doutor poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2013 pero igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2011, no caso dos titulados que acrediten fidedignamente algún dos seguintes supostos:

Que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de 3 anos entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2012.

Que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Que interromperan a súa formación por causa dunha enfermidade grave ou que se dedicaran á atención de persoas maiores da familia en primeira liña parental.

No caso das persoas candidatas que estean en posesión de mais dun doutoramento, os requisitos expresados referiranse ao primeiro dos doutoramentos obtidos.

- Non ter sido seleccionado nos programas posdoutorais da Xunta de Galicia, non ter sido seleccionada para unha axuda nunha convocatoria estatal das actuacións Juan de la Cierva, Formación Posdoutoral, Juan de la Cierva Formación ou Juan de la Cierva Incorporación e non ter gozado con anterioridade de ningunha axuda e/ou contrato posdoutoral que recolla estadias en centros de investigación no estranxeiro de dous ou mais anos de duración.

Ademais as solicitudes que presenten persoas candidatas que opten á condición de bolseiro Fulbright, deberán cumprir os seguintes requisitos:

i.-Que o Plan de Traballo se vaia a desenvolver en EUA durante os dous anos de estadía.

ii.-Ter nacionalidade española.

iii.-Nivel de idioma inglés –falado e escrito- adecuado para completar o proxecto de investigación en EUA, demostrable mediante o *Test of English as a foreign Language (TOEFL) cunha puntuación mínima de 94 no Internet-based Test, ou International English Language Testing System (IELTS), Academic Version, cunha puntuación mínima de 6,5; ou Advance Cambrige Exam, ou o nivel B2 do Marco Común Europeo.*

iv.-Non ter participado e completado unha estadía de investigación posdoutoral en EUA cun visado J-1 durante os 24 meses previos á data de incorporación ao seu centro de destino.

v.- Non estar gozando na actualidade dun programa de investigación posdoutoral en EUA cun visado J-1 por un período superior a seis meses.

vi.-Non ser residente, cidadán ou ter dereito á cidadanía de Estados Unidos.

DATOS DE INTERESE

Para pedir información da convocatoria ou para resolver incidencias derivadas da mesma pode poñerse en contacto con:

Información da convocatoria

8818 16252

8818 16253

8818 16213

8818 16215

Recursoshumanos.programas@usc.es

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación